



## O CASTRO

Este conxunto de vivendas recibe o nome de castro e os poboadores que habitaban nelas eran os castrexos. As casas dos castrexos tiñan forma circular e o tellado de palla, até a chegada dos novos poboadores, os romanos, que constrúen as vivendas con forma cadrada e as cobren con tella. Os castrexos tiñan animais e vivían do mar e do campo.

# VIGO

## 2000 ANOS DE VIAXE




# VIGO

## 2000 ANOS DE VIAXE




Plan de competitividade turística de Vigo, turismo urbano e de ría

A cidade de Vigo ten tras de si unha historia de moitos séculos. Desde a prehistoria foron quedando as pegadas das persoas que habitaron este territorio. Estas pegadas poden falar por si soas e contar interesantes historias:




## MÁMOAS

As mámoas son monumentos feitos en pedra onde os nosos antepasados enterraban aos mortos. En moitos casos estas pedras estaban decoradas con pinturas que son difíciles de entender hoxe en día. Tamén atopamos nelas restos de cerámicas e outros utensilios que nos axudan a saber como vivían.



## SALINAE

Neste lugar os romanos fabricaban sal hai 2000 anos. Para eles o sal era tan valioso coma o ouro, xa que era a única forma que tiñan de conservar a carne e o peixe. Para conseguir sal tiñan unha especie de piscinas onde acumulaban auga do mar. Cando facía calor a auga quentábase e evaporábase, quedando soamente o sal.



## TORALLA

Esta grande casa situada xunto ao mar recibe o nome de *Villae*. Nela vivía xente que explotaba os recursos do mar e da terra do contorno, e que tiña as súas propias salinas de onde se extraía o sal para salgar o peixe. Dentro da casa había piscinas de auga quente e fría ás que lles chamaban *caldarium* e *frigidarium*. Os cuartos máis importantes da casa decorábanse con mosaicos, cadros construídos no chan a base de pedriñas. No inverno quentábanos cun sistema de calor por debaixo do chan que se chama hipocausto.



## O SISTEMA DE MURALLAS

Hai uns séculos Vigo non era un lugar seguro. Aquí chegaban exércitos doutros países e piratas e corsarios que roubaban todo o que podían. Para protexer a vila construíuse unha muralla que chegaba desde o mar ao monte do Castro. Co paso do tempo, Vigo medrou e pensouse que era mellor derrubala. Hoxe só conservamos as fortalezas do Castro e San Sebastián.



## A CIDADE MODERNA

Desde o porto de Vigo partiron moitos emigrantes a América para intentar facer fortuna. Dise que ían "facer as Américas". Uns poucos conseguírono, e ao volver deixaron a pegada da súa riqueza nos grandes edificios de pedra das rúas principais. As familias con grandes negocios rivalizaban entre si por ver quen construía o edificio máis espectacular.